

“Peixeando co emprego”

O proxecto “Peixeando co emprego” levouse a cabo a través dunha subvención concedida pola Consellería do Mar, ao abeiro das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) aprobadas pola Consellería do Mar aos Grupos de acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027 (FEMP). O importe deste proxecto, a través do que se impulsaron varias accións na cidade de Narón, foi de 28.919,60 € dos que 28.000,00 € se subvencionaron en dúas anualidades a través da citada administración. O proxecto executouse na súa totalidade durante os anos 2023, 2024 e 2025. A conclusión final á que se chega con este proxecto é que o Concello continuará apostando pola formación de profesionais no sector pesqueiro pola falta dun perfil básico de peixeiro/a ao haberse perdido este oficio de pais a fillos ante a falta de relevo xeración e non existir estudos específicos para estas profesións; e por outro lado, a formación é unha das bases da empregabilidade das persoas, xa que mellora as súas competencias e cualificacións, facéndoa máis competitiva no mercado laboral e servíndolle de promoción social na maioría dos casos, diminuindo as posibilidades de caer na exclusión social.

Os obxectivos acadados son:

O principal obxectivo do proxecto “Peixeando co emprego” é formar profesionais do sector pesqueiro para traballar en supermercados e outras superficies comerciais, industrias de manufacturación do peixe ou na pequena empresa, e tamén como unha opción para o emprendemento. Coa acción formativa PEIXERÍA que se impartiu nos anos 2024 (1ª edición) e 2025 (2ª edición) cumpríronse os obxectivos establecidos acadando os seguintes resultados:

	2024		2025	
Prazas convocadas	15		15	
Solicitudes presentadas	28		22	
	mulleres	homes	mulleres	homes
	19	9	15	7
Nº de persoas que comezaron o curso	15		15	
Nº de persoas que iniciaron as prácticas	13		8	
Nº de persoas que finalizaron a formación con dereito a diploma	11		7	
	mulleres	homes	mulleres	homes
	8	3	3	4
Inserción laboral	4 persoas de 11		5 persoas de 7	
	37 %		71 %	

Coa prestación deste servizo mellorouse a formación e favoreceuse a empregabilidade dotando ás persoas desempregadas deste Concello de ferramentas para optar dun xeito máis competitivo a un posto de traballo.

Actividades que se levaron a cabo:

Co proxecto “Peixeando co emprego” realizáronse as seguintes actividades:

- Anualidade 2023: creación de deseño de imaxe do proxecto. Aplicación e arte final da imaxe para banner web, redes sociais e anuncios para publicacións impresas. Roll up de 1 x 2 m impreso a cor e impresión de 10 carteis a 4/0 tintas.
- Anualidade 2024: acción formativa PEIXERÍA (1ª edición). A duración da acción formativa foi de 400 horas, na modalidade presencial, 300 horas de contidos teóricos e prácticos e 100 horas de prácticas profesionais non laborais que se realizaron nunha peixería e en supermercados do Concello de Narón e concellos limítrofes, mais 15 horas de módulos adicionais. O curso iniciouse o día 17 de xuño e finalizou o 10 de outubro, en horario de 09:00 a 14:00 h.
- Anualidade 2025: acción formativa PEIXERÍA (2ª edición). A duración da acción formativa foi de 400 horas, na modalidade presencial, 300 horas de contidos teóricos e prácticos e 100 horas de prácticas profesionais non laborais que se realizaron en obradoiros de peixería, supermercados e hipermercados do Concello de Narón e dos concellos limítrofes, mais 15 horas de módulos adicionais. O curso iniciouse o día 24 de marzo e finalizou o 30 de xullo, en horario de 09:00 a 14:00 h.

As persoas beneficiarias deste proxecto foron persoas desempregadas, maiores de 18 anos, empadroadas no Concello de Narón e inscritas no Servizo Público de Emprego. A execución das accións formativas realizouse no Centro Municipal de Formación “Irmáns Froilaz”, sito na parcela 112 do Polígono Industrial da Gándara (Narón).



Cofinanciado por
la Unión Europea



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR

